

O PARQUE ROSALÍA · CENTENARIO DA SÚA CREACIÓN

Antecedentes

1921

1

2021

Como a xeración espontánea non existe, o parque tivo uns **antecedentes modestos**, porque a cidade tamén o era no económico, pero necesarios para poder chegar a sentir a necesidade de contar cun xardín público de maiores pretensións e dimensións dos que había no interior do recinto amurallado.

O proceso para integrar artificialmente á natureza ao espazo urbano comeza na segunda metade do s. XVIII, prestando atencións aos paseos delimitados con árbores, como o que existía ao redor da muralla e á saída dos camiños xerais ou reais. Na segunda metade do s. XIX, aos poucos, foron aparecendo xardíns para



Recomendábase que os paseos públicos estivesen adornados con dúas reas de árbores



Había vecinos que pedían que desapareciese a Alameda da Praza Maior


adorno ou esparexemento en espazos que antes tiveran unha función económica como os mercados. Algúns deles son a Alameda, o xardín da Praza Maior, o xardín de Campo Castelo, o Xardín de Palacio, o xardín da Muralla, os xardíns de San Fernando, o Xardín de Canalejas, o Xardín da Mosquera, o Xardín de San Roque ou o proxecto do Parque Moltó. O adorno da cidade, ou ornato público alcanzará o seu desenvolvemento no primeiro terzo do s. XX, ao longo do segundo e terceiro mandato do alcalde Ángel López Pérez (1913-1923 e 1927-1931).

Así, o 2 de xullo de 1921 o Concello de Lugo, que tiña como alcalde a Ángel López Pérez, acordou facer un parque “como complemento de las obras de saneamiento y embellecimiento que desde hace años vienen realizándose en la población”. A súa finalidade primordial xa non era só o ornato público, a hixiene e o solaz da burguesía decimonónica, senón que agora tiña un amplio fin social, pois podía ser utilizado por todas as clases sociais.

O parque estaba destinado a que os nenos puidesen xogar con liberdade, que practicasen toda clase de deportes, que as persoas maiores tivesen un axeitado lugar de descanso, de esparexemento e que se culturizasen con bibliotecas circulantes. Pero tamén era o lugar propicio para que o obreiro gozase do seu tempo libre en lugar de frecuentar as tabernas, lugares pechados, insáns, e



A Alameda e o xardín da Praza Maior vista desde a torre das campás da catedral



Escanéame para leerme en castellano!